

1. LIMIAR

1.1. Marco legal

- Lei orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación, modificada pola Lei orgánica 8/2013, de 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa.
- Real Decreto 1041/2017, do 22 de decembro, polo que se fixan as esixencias mínimas do nivel básico para os efectos de certificación, se establece o currículo básico dos niveis intermedio B1, intermedio B2, avanzado C1 e avanzado C2 das ensinanzas de idiomas de réxime especial reguladas pola Lei orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación, e se establecen as equivalencias entre as ensinanzas de idiomas de réxime especial reguladas en diversos plans de estudos e as deste real decreto.
- Decreto 81/2018, do 19 de xullo, polo que se establece o currículo dos niveis básico A1, básico A2, intermedio B1, intermedio B2, avanzado C1 e avanzado C2 das ensinanzas de idiomas de réxime especial na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Circular 3/2018, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións para a preinscrición, admisión, matrícula e organización académica nas escolas oficiais de idiomas de Galicia no curso 2018-2019.

1.2. Contexto educativo

A Escola Oficial de Idiomas de Ourense é un centro público dependente da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria dedicado á ensinanza de idiomas para adultos.

A súa sede central atópase na capital, a 3ª cidade galega con case 106.000 habitantes (un terzo da poboación da provincia, na que viven preto de 315.000 persoas) e está situada na área urbana da cidade, nunha zona que agrupa unha grande cantidade de instalacións educativas, entre elas o campus universitario, preto do centro da cidade.

Para satisfacer as necesidades de todo o territorio, conta tamén con 6 seccións delegadas asentadas en centros de Educación Secundaria de diferentes poboacións: A Ponte-Ourense (IES Blanco Amor), Celanova (IES Celso Emilio Ferreiro), O Barco

de Valdeorras (IES Lauro Olmo), O Carballiño (IES Chamoso Lamas), Ribadavia (IES Abrente), Verín (IES García Barbón).

O centro ten un amplo horario de apertura, de 08.00 a 22.00, ao longo do cal se imparten ensinanzas de Alemán, Chinés, Francés, Galego, Inglés, Italiano e Portugués, dos niveis básico, intermedio, avanzado e C2 e, por primeira vez, este curso, Español como lingua estranxeira (Niveis A2 e B1).

Así mesmo, a nosa Escola colabora con outras entidades como o CFR, impartindo cursos para o profesorado, e coa Dirección Xeral de Política Lingüística, con cursos de Linguaxe Administrativa Galega e de preparación ás probas oficiais Celga.

A nosa ensinanza está destinada a maiores de 14 anos e, dado que non é obrigatoria, a maioría do alumnado asiste por vontade propia.

Na actualidade, o número de matrículas oficiais está en torno ás 3.000 e o máis destacable do noso alumnado é a súa heteroxeneidade no tocante á ocupación, á formación e á motivación. Tamén no que concirne á idade: a maioría do alumnado está na franxa comprendida entre os 18 e os 50 anos (84,8%); menores de 18 anos temos o 6,3% e maiores de 50 anos, o 8,9%.

Por sexos, predominan as mulleres (67%) sobre os homes (33%).

Na EOI de Ourense, aténdese tamén a unha pequena porcentaxe de alumnado con discapacidade, o 2,1%.

Tamén contamos cun 7,7% de alumnado estranxeiro.

Esta diversidade contribúe a un importante enriquecemento cultural e en valores de carácter persoal e social.

Dado que a maioría do noso alumnado compaxina os estudos de idiomas con outras obrigas de carácter laboral, familiar ou de formación, este asiste ó centro só durante as sesións de clase e, en menor medida, para participar en diversas actividades extraescolares.

Por outra banda, o feito de que as Ensinanzas de Idiomas non teñan un carácter obrigatorio e de que o alumnado decida libremente asistir a este centro garante dalgún xeito, unha boa convivencia.

Os docentes, por norma xeral, imparten clases e asumen a titoría de tres ou catro grupos de alumnado en exclusiva. Isto implica unha estreita relación profesional, pero tamén afectiva, entre docente e estudante, o que, na maioría das ocasións, favorece un clima agradable e distendido.

Ao cadro de profesorado hai que engadirille os/as auxiliares de conversa que cada curso adoitan incorporarse nos idiomas alemán, chinés, francés, inglés e portugués.

1.3. O departamento

Membros do departamento

-M.Antonia de la Iglesia Barrientos

-María Rodríguez Suárez

Distribución por niveis/grupos:

-Nivel B2: María Rodríguez Suárez

-Nivel C1: María Rodríguez Suárez

-Dous cursos do Nivel C2: María Rodríguez Suárez

-Dous cursos CELGA 3: M.Antonia de la Iglesia Barrientos

-Un curso CELGA 4: M.Antonia de la Iglesia Barrientos

-Dous Cursos Superiores de Linguaxe Administrativa presenciais: M.Antonia de la Iglesia Barrientos

1.4. Metodoloxía

No ensino das linguas, a metodoloxía é o conxunto de procedementos que se empregan para acadar o dominio dos contidos e o logro dos obxectivos. Neste sentido, teranse en conta elementos clave como:

- O ensino do idioma desde unha perspectiva de uso
- O fomento do emprego da lingua obxecto de estudo como vehículo de comunicación
- A orientación do ensino cara ao desenvolvemento das actividades de lingua
- O fomento da autonomía do alumnado e do desenvolvemento de estratexias de aprendizaxe

O obxectivo principal das aulas ten que ser a comunicación, utilizando desde o principio e na medida do posible a lingua estudada como vehicular, favorecendo o contacto constante do alumnado coa lingua. Por outra parte, o profesorado debe integrar dentro destas tarefas comunicativas, as actividades de lingua de comprensión, produción, coprodución e mediación, tanto orais como escritas. Coa finalidade de formar falantes competentes e autónomos/as, o profesorado debe revisar a súa metodoloxía, así como actualizar os seus métodos, medios e materiais didácticos para facer da aula un lugar facilitador e motivador. Ao mesmo tempo, o alumnado debe implicarse de xeito activo na súa propia aprendizaxe e considerar o erro como un elemento necesario deste proceso.

1.5. Recursos

Na actualidade, hai dispoñibles moitos e moi diversos materiais didácticos destinados ao ensino e á aprendizaxe das linguas. Na súa utilización resulta imprescindible realizar unha selección baseada nos obxectivos e contidos das programacións didácticas e no enfoque comunicativo.

No uso dos recursos destacará o feito de que estes sexan, na medida do posible, auténticos e se empreguen co fin de materializar situacións reais do uso da lingua.

A utilización de material creado explicitamente con fins didácticos, como por exemplo os libros de texto, responderá ás necesidades do proceso de aprendizaxe e non excluírá o uso de materiais auténticos.

Humanos:

O cadro de persoal docente.

Físicos:

As aulas dotadas de ordenador e canón, encerado, os departamentos, a biblioteca e a sala de lectura, a aula de recursos, a aula de informática etc.

Materiais:

O profesorado elaborará os materiais procedentes de distintas fontes, tanto audios como textos escritos. A biblioteca, a aula e o departamento teñen tanto material bibliográfico como audiovisuais. Remitirase o alumnado a distintas fontes escritas e orais, así como procedentes da Rede.

Para todo o alumnado recoméndase:

1. Programas de radio e televisión aos que é posible acceder a través da sección Radio á carta e Televisión á carta da páxina web da Compañía de Radio e Televisión de Galicia.

2. O material fornecido pola Secretaría Xeral de Política Lingüística para a preparación das probas dos certificados Celgas, que aparecen na páxina web deste organismo.

<http://www.xunta.es/linguagalega/>

En canto a material relacionado directamente cos campos léxicos podemos servirmos dos seguintes libros:

- ***Cadernos de Léxico do Proxecto Artello***, de Política Lingüística.
- ***Traballando co léxico 1, 2 e 3.***

Manuais

- Material audiovisual do CELGA 3 e CELGA 4 (na páxina web de Política Lingüística)
- *Aula de galego 3*, VVAA, Xunta de Galicia
- *Aula de galego 4*, VVAA, Xunta de Galicia

Libros de consulta

- *Lingua galega. Léxico 1*, VVAA, Rodeira-Grupo Edebé / Proxecto Artello, 2006
- *Lingua galega. Léxico 2*, VVAA, Rodeira-Grupo Edebé / Proxecto Artello, 2006
- *Lingua galega. Ortografía 1*, VVAA, Rodeira-Grupo Edebé / Proxecto Artello, 2006
- *Lingua galega. Ortografía 2*, VVAA, Rodeira-Grupo Edebé/ Proxecto Artello, 2006
- *Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego*, 2003 (edición revisada), de RAG/ ILG
- Morfosintaxe e ortografía: <http://www.realacademiagalega.org/recursos-volg/> (Vocabulario ortográfico da lingua galega)

Dicionarios

- *Dicionario Xerais da lingua*, Ed. Xerais (edición revisada), 2004
- *Dicionario Xerais castelán –galego de usos, frases e sinónimos*, Ed. Xerais, 2007
- *Dicionario Xerais castelán-galego, galego-castelán*, Ed. Xerais (ed. revisada) , 2005
- *Dicionario castelán-galego da Real Academia Galega*, Fundación Barrié, 2005

- *Dicionario Xerais de sinónimos*, VVAA, Ed. Xerais, 2008

Libros de consulta e exercicios:

- *Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego*, RAG / ILG, 2003
- *Galego, século XXI, Nova Guía da Lingua Galega*, Ed. Galaxia, 2004
- *Galego, século XXI, Nova Guía da Lingua Galega. Caderno de exercicios*, Ed. Galaxia, 2004
- *Manual de lingua galega I. Teoría e práctica. Nivel superior*, X. A. Granxa e M^a X.Méndez, Ed. Xerais
- *Gramática da lingua galega. Síntese práctica*. X. Feixó Cid. Edt. Xerais. 2004.
- *Novas prácticas de lingua*, A. Colmenero, Ed. do Cumio, 2004
- *Gramática da lingua galega*, Xosé Feixó Cid, Ed. do Cumio, 2004
- *Gramática da lingua galega, síntese práctica*, Feixó, Xerais
- *Gramática da lingua galega*, R. Álvarez e X. Xove, Ed. Galaxia
- *Gramática práctica (Morfosintaxe)*, Carme Hermida Gulías, Ed. Sotelo Blanco
- *Ortografía da lingua galega*, Begoña González Rey, Ed. Galinova
- *Ortografía da lingua galega*, M^a Xesús Méndez Álvarez, Ed. Xerais
- *Traballando co léxico I, II e III*, VV AA, Ed. Xerais (non adaptados á nova normativa99)
- *Lingua galega. Léxico 1*, VVAA, Rodeira-Grupo Edebé, 2006
- *Lingua galega. Léxico 2*, VVAA, Rodeira-Grupo Edebé, 2006
- *Lingua galega. Ortografía 1*, VVAA, Rodeira-Grupo Edebé, 2006
- *Lingua galega. Ortografía 2*, VVAA, Rodeira-Grupo Edebé, 2006
- *Galego XXI*, VVAA, Galaxia

http://www.xunta.es/linguagalega/manuais_de_galego

<http://www.realacademiagalega.org/volga/>

<http://www.xunta.es/linguagalega/celga>

http://www.xunta.es/linguagalega/normas_ortograficas_e_morfologicas

Para a conxugación dos verbos: <http://www.cilenis.com>

Para exercicios en liña : <http://www.ogalego.eu>

MATERIAL especialmente recomendado para os niveis C1 e C2

Dúbdas sobre certas palabras: <https://portaldaspalabras.gal/videos/preguntalle-a-academia/>

Cadernos de fraseoloxía galega: <http://www.cirp.es/w3/cfg/>

Locucións e fraseoloxía administrativa: <http://www.lingua.gal/resultados-busca?texto=Locuci%C3%B3ns+e+fraseolox%C3%ADa+administrativa>

FERNÁNDEZ REI, F. (1991): *Dialectoloxía da lingua galega*. Vigo: EdiciónsXerais

Dic. Galego de Televisión
<http://www.realacademiagalega.org/documents/10157/3a96bbea-3ce4-4df0-8382-0b9d6bfe73e4>

VOLGA: *Vocabulario ortográfico da lingua galega.*
<http://www.realacademiagalega.org/recursos-volg>

DIGATIC: *Dic. Galego de Telecomunicacións:* <http://www.digatic.org/gl>

Galipedia: <http://gl.wikipedia.org/wiki/Portada>

Dic. de pronuncia da lingua galega. <http://ilq.usc.es/pronuncia/>

OrtoGal. Corrector ortográfico en liña de galego. <http://sli.uvigo.es/corrector/>

DOSIL LÓPEZ, B. / RIVEIRO COSTA, X. (2004): *Dicionario de ortografía da lingua galega*. A Coruña: Galinova.

GONZÁLEZ REI, Begoña (2004): *Ortografía da lingua galega*. A Coruña: Galinova.

Patrimonio Galego. <http://patrimoniogalego.net/>

FERRO RUIBAL, Xesús (1996): *Cada quen fala coma quen é. Reflexións verbo da fraseoloxía enxebre*. A Coruña: Real Academia Galega

LÓPEZ TABOADA, C. / SOTO ARIAS, M. R. (1995): *Así falan os galegos. Fraseoloxía da lingua galega. Aplicación didáctica*. A Coruña: Galinova.

REGUEIRA FERNÁNDEZ, X.L. (dir) (2010): *Dicionario de pronuncia da lingua galega*. A Coruña: RAG.

Dic. ilustrado relativo aos ríos galegos. <http://www.rios-galegos.com/venasg2.htm>

MONTEAGUDO ROMERO, H. (1999): *Historia social da lingua galega. Idioma, sociedade e cultura a través do tempo*. Vigo: Ed. Galaxia.

MARIÑO PAZ, R. (1998): *Historia da lingua galega*. Santiago: Ed. Sotelo Blanco

Correctores:

Corrector 2.mil3: www.imaxin.com

Corrector de galego IMAXIN GALGO 2.0 ©

<http://www.xunta.es/linguagalega/galgo>

Corrector para Open Office:

http://wiki.mancomun.org/index.php/Corrector_ortogr%C3%A1fico_para_OpenOffice.org

Tradutores:

comprendium translaticum es-gl: <http://www.xunta.es/tradutor/>

apertium: <http://sli.uvigo.es/tradutor>

Para Open Office: <http://www.traducindote.com/>

<http://www.opentrad.org/>

Prensa dixital:

<http://praza.com/>

<http://www.galiciahoxe.com/>

<http://www.sermosgaliza.com/>

<http://www.galiciaconfidencial.com/>

<http://galego.lavozdeg Galicia.es/?idioma=galego>

<http://galego.farodevigo.es/>

<http://pontevedraviva.com/>

<http://diariodepontevedra.galiciae.com/gl>

<http://temposdixital.com/>

<http://www.osil.info/>

<http://revista.consumer.es/web/ga/>

<http://webs.uvigo.es/webatg/viceversa/viceversa.htm>

www.codigocero.com/

Biblioteca da literatura universal en galego

www.bivir.com

Poemas musicados:

<http://sondepoetas.blogspot.com.es/>

Literatura e tradición oral:

<http://www.aelg.org/Polafias/>

Ditos, recitados e cancións infantís:

www.orellapendella.org

Mitoloxía, contos e lendas populares:

<http://www.galiciaencantada.com/>

Banda deseñada

<http://www.culturagalega.org/bd/>

Patrimonio

<http://patrimoniogalego.net/>

Ciencia

[Ciencia \(interesantísima web sobre ciencia\)](#)

Paisaxe e natureza

[A paisaxe no Proxecto Terra](#)

Gastronomía

[Gastronomía de Galicia](#)

[Revista de gastronomía galega](#)

[Programa "Larpeiros", da TVG](#)

[Bolboretas no bandullo](#)

Radio:

<http://www.crtvg.es/rg>

[Son Galicia Radio \(canle de música galega\)](#)

Televisión:

<http://www.crtvg.es/tvg>

[Lingua galega TV](#)

<http://www.vtelevision.es/>

ESCOLMA DE PROGRAMAS DE TV:

[Historias de Galicia \(serie sobre a historia de Galicia\)](#)

[Ben falado! \(programa sobre lingua\)](#)

[Doa a doa \(programa de entrevistas a persoas maiores\)](#)

<http://www.crtvg.es/mais-a-carta/>

[Preescolar na casa \(programa educativo para a formación de pais e nais\)](#)

[Centro de saúde \(programa sobre saúde\)](#)

<http://www.crtvg.es/mais-a-carta/>

[Escribir: centro de saude \(sen acento\)](#)

[Galicia salvaxe \(programa sobre natureza galega\)](#)

<http://www.crtvg.es/mais-a-carta/>

(Escribir: Galicia salvaxe)

1.6. Atención á diversidade

Deben establecerse unha serie de actuacións específicas para atender as diferentes necesidades do alumnado. As necesidades especiais poden deberse a:

a) Alumnado cun nivel de coñecemento que non está de acordo co curso.

O alumnado que desexa matricularse por oficial pode realizar unha proba de clasificación que non permite certificar coñecementos de lingua pero si dálle a opción de matricularse nun curso acorde co seu nivel.

É frecuente encontrar, especialmente nos cursos baixos, diferenzas grandes entre unhas persoa e outras, neste caso o profesorado deberá atender todas as necesidades mediante:

- Unha atención personalizada.
- O fomento da autoaprendizaxe, dirixida e supervisada polo profesorado.
- O labor das titorías.
- O apoio ao traballo en grupos de modo que o alumnado que ten un nivel máis baixo poida aprender dos seus compañeiros e os que teñen un nivel superior ao grupo reforzar os seu dominio da lingua compartindo e axudando os demais.

b) Alumnado con discapacidade física, psíquica ou sensorial.

Á parte das medidas citadas no apartado anterior o profesorado debe ocuparse de que este alumnado poida seguir as clases nas mellores condicións posibles:

- Diversificando o material e as actividades (audio, vídeo, textos escritos).
- Adaptando o material ás necesidades deste tipo de alumnado (tamaño de letra, volume do audio...)
- Adaptar a disposición da aula para que este alumnado teña os menores problemas.
- Procurar a integración deste alumnado por medio de accións que favorezan a relación entre o alumnado.
- Botar man das ferramentas que existen (convertidores de voz, amplificadores, etc)

Avaliación do alumnado con discapacidade.

A organización e avaliación das probas de certificación para o alumnado con discapacidade deberá basearse no principio de non discriminación.

En caso de discapacidade no momento de efectuar a matrícula deberase presentar a documentación acreditativa e cubrir o formulario facilitado pola EOI (anexo IX da Orde de 8 de setembro de 2008, de avaliación), que o poñerá en coñecemento dos equipos de orientación específicos dependentes da Xefatura Territorial respectiva para que se determinen as adaptacións pertinentes.

O departamento de galego seguirá estritamente as indicacións que cheguen dos equipos de orientación.

c) Alumnado sen as habilidades necesarias para usar a tecnoloxía.

Aínda pode darse o caso de que algunha persoa non teña correo electrónico, non se manexe ou o faga con dificultade no mundo da internet. Nestes casos o profesorado procurará apoiar este alumnado para que acceda á tecnoloxía; nos caos máis extremos farase unha adaptación do material na medida do posible, imprimindo o que sexa necesario, aceptando traballos en papel...

Un modo de integrar e facer progresar este alumnado, na materia, máis tamén no uso da tecnoloxía, é o traballo en equipo, que o profesorado debe fomentar sempre.

1.7. Temporalización

Con carácter xeral, os contidos repartiranse ao longo do curso en dous cuatrimestres marcados polas probas de progreso.

A distribución dos contidos responderá ao establecido polo departamento na programación, esta entenderase como un documento flexible e poderá ser sometida a modificacións se o ritmo da clase así o require.

Os contidos agruparanse en unidades didácticas, que se secuenciarán en sesións ao longo de todo o curso. Deste xeito garátese que as horas de docencia que lle corresponden a cada curso se impartan de maneira efectiva e controlada.

Na temporalización tamén se terá en conta a progresión da aprendizaxe, así as unidades con contidos máis complexos contarán con máis tempo cás que sexan de ampliación, repaso ou introdución de contidos menos esixentes.